

12/2020. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 26 AGOSTO DE 2020.

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello de Mugar dos, sendo as nove horas e un minuto do d3a 26 de agosto do ano dous mil vinte, previa convocatoria e citaci3n 3 efecto, re3nese o Concello Pleno en sesi3n ordinaria e primeira convocatoria, celebrada a porta pechada, a fin de garantir as condici3ns de seguridade, autoprotecci3n e distanciamento social, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana Mar3a Varela Bastida, D. Jos3 Miguel Mah3a Prados, Dna. Bego3a Rold3s Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, D. Iv3n Mart3nez Gonz3lez, Dna. Mar3a Dolores Gonz3lez Lorenzo, D. Genaro Prieto Iglesias, D. Jos3 3ngel Mart3nez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fern3ndez Fern3ndez e D. Argemino Varela Filgueiras. Asiste tam3n a interventora municipal, Dna. Ana Mar3a G3mez Pe3a.

Act3a como secretario accidental o funcionario, D. Diego Seijo Alonso, en virtude do nomeamento efectuado por Resoluci3n do Director Xeral de Administraci3n Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e de acordo coa comunicaci3n efectuada 3 Direcci3n Xeral de Administraci3n Local da Xunta de Galicia en data 20.08.2020, ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resoluci3n n3m. 712/2020, de 19.08.2020.

Aberta a sesi3n pola Presidencia, 3ntrase no estudo e discusi3n dos asuntos incluidos na orde do d3a, adopt3ndose os seguintes acordos:

1.- APROBACI3N DA XUSTIFICACI3N DO 50% INICIAL DA ACHEGA DA DEPUTACI3N PROVINCIAL DA CORU3A AO CONCELLO DE MUGARDOS PARA A FINANCIACI3N DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES). ANUALIDADE 2020.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, bos d3as. Comezamos a sesi3n ordinaria do Pleno deste mes, en primeiro lugar coa aprobaci3n... o primeiro punto 3 a aprobaci3n da xustificaci3n do 50% inicial da achega da Deputaci3n Provincial da Coru3a ao Concello de Mugar dos para a financiaci3n do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES), anualidade 2020. Ten a palabra o responsable do GES.

Sr. Mah3a Prados: Grazas Alcalde, bos d3as Alcalde, se3ores concelleiros. Bueno, isto xa ven ditaminado da comisi3n. Tr3tase da aportaci3n do 50% inicial da achega da Deputaci3n Provincial para a financiaci3n do Grupo de Emerxencias Supramunicipal do ano 2020, deste ano. E nada, 3 un tr3mite que xa ven sendo habitual para percibir a subvenci3n correspondente.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois abrimos un turno de intervenci3ns. 3Palabras?. Non hai palabras. Bueno, pois ent3n sometemos a votaci3n o asunto, que ven ditaminado da comisi3n correspondente. Votos a favor, abstenci3ns... todos, unanimidade. Moi ben.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, tendo en conta a proposta formulada pola Alcaldía en data 16.07.2020, obrante no expediente, así como o ditame da comisión informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 05.08.2020, por unanimidade, acorda:

1º.- Ratificar o acordo adoptado polo Concello Pleno en sesión realizada o 27.11.2018, polo que se manifestou a vontade do Concello de Mugardos de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais, segundo texto obrante no expediente, asumindo as obrigas e compromisos derivados da mesma e con suxeción plena a todas elas, establecendo como data efectiva de inicio da actividade o 26.12.2018.

2º.- Asumir as obrigas propios dos beneficiarios da subvección (artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia)

3º.- Asumir a obriga de presentar no seu momento ou cando así se lle requira, a seguinte documentación:

- Memoria de actuación
- Conta xustificativa con certificación de gastos e pagos.
- Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade.
- Compromiso de dar difusión pública ao financiamento provincial.
- Autorización á Deputación para obter directamente as certificacións de estar ao corrente coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa AEAT.

4º.- Facultar ao sr- Alcalde-Presidente, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba para a sinatura de cantos documentos sexan precisos para a execución do presente acordo.

2.- MOCIÓN DA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE EU-SON EN COMÚN, SOBRE ELABORACIÓN DUNHA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 1.

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada pola voceira do grupo municipal de Esquerda Unida-SON En Común sobre elaboración dunha proposta de modificación da ordenanza fiscal núm. 1, producíndose o seguinte resultado: 5 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), 5 votos en contra (5 PP) e 3 abstencións (3 PSOE), efectuándose unha nova votación, á vista do empate producido, obtense o mesmo resultado, 5 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), 5 votos en contra (5 PP) e 3 abstencións (3 PSOE), acordando, en consecuencia, o Concello Pleno, co voto de calidade do sr. Alcalde, rexeitar a aprobación da devandita moción.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois pasamos ao segundo punto, moción da voceira do Grupo Municipal de Esquerda Unida-SON En Común sobre elaboración dunha proposta de modificación da ordenanza fiscal número 1. Ten a palabra a poñente da moción.

Sra. Díaz Otero: Bueno, bos días a todos e a todas. Tal e como ven indicado na exposición de motivos, nos últimos anos o concello pleno aprobou diferentes modificacións da ordenanza fiscal número 1, que é a reguladora do imposto de bens inmobles. E o que se propón agora é, instar ó goberno municipal a que tras os estudos e informes pertinentes eleve á Comisión de Facenda, Persoal e Participación cidadá unha proposta que recolla: un novo tipo de gravame para o uso comercial, un tipo de gravame menor para os bens inmobles de natureza urbana, cremos que hai capacidade, probablemente, para poder facer unha nova baixa do tipo que está agora, o gravame para os bens de natureza urbana, é dicir, o que tódolos veciños coñecen como a contribución urbana, e que é necesario neste momento para a economía das familias e tamén, porque non dicilo, para os pequenos hostaleiros e comercios; e tamén que se estude a implantación de novas bonificacións. Bueno, e que a proposta sexa elevada a unha sesión ordinaria da comisión de Facenda para que esta proposta de modificación poida entrar en vigor no ano 2021, se así o considera o Concello Pleno.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois abrimos un primeiro turno de intervencións. ¿Palabras?. Pois José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Bos días, grazas. Nós neste caso e... como aínda non temos aprobados os orzamentos do 2020 e... pois tampouco se presentou aínda á proposta para os do 21, supoño que agora en breve xa pois o Alcalde nolos presentará, como está marcado así pola normativa municipal, que sexa durante... ao longo do mes de setembro, pois entón esperamos que xa non teñamos as dúbidas que presenta Esquerda Unida nesta moción ¿non?, di, cremos que hai capacidade... nós a verdade, as crenzas nosas non... nós preferimos basearnos en realidades. Entón imos a esperar a ter datos concretos de cales son os ingresos dos que vai a dispoñer o Concello durante o ano 2020, nos orzamentos do ano 2020, e sobre todo para o ano vindeiro, para o ano 2021, pois para poder, en todo caso nese momento saber se estamos en disposición ¿non?, de... de facer unha modificación dos tipos de gravame, das... das bonificacións, etc. Entón, polo tanto, pois ante a indispoñibilidade desta información imos a abstermos nós nesta... nesta moción.

Sr. Alcalde: Miguel.

Sr. Mahía Prados: Si, eu antes de comezar a entrar a valorar a moción teño aí unhas cantas preguntas. Bueno, di... o primeiro que quero preguntarlle é que si vostede pensa que está seguindo o Regulamento á hora de presentar propostas. E esta mesma pregunta que lle fago eu agora dentro do goberno a vostede foi a mesma pregunta que me fixo vostede cando estaba de Alcaldesa e nós na oposición. Entón quero preguntarlle si vostede considera que está seguindo o cauce que hai que seguir para presentar este tipo de propostas. Logo, das breves declaracións que fixo vostede quero sacar dous apuntes, a primeira, vostede considera que hai capacidade, ¿en base a que?. ¿En base a que vostede considera que hai capacidade?. Eu agradeceríalle algún dato técnico que diga que hai capacidade, un só, non necesito que me dea máis datos técnicos,

con un chégame. E logo cando falaba de... bueno, da pequena hostalería, dos pequenos comercios... mire, hai certas cousas que cando un está no goberno ten a responsabilidade de facer, e unha delas é precisamente apoiar a apertura de negocios en Mugardos para que a vila prospere, e non coller e pasar automaticamente tódalas licenzas de apertura de negocio, que houbo dúas, no ano pasado, por poñer un exemplo, e cando queren abrir un negocio pasarlles os 650 euros de apertura, cando nós mesmos estando na oposición solicitámoslle que abolira esa taxa, principalmente porque a lei, agora mesmo non me recordo, pero unha lei que recolle todo o tema de apertura de negocios, etc, e liberalización do comercio, establece que para menos de 750 metros cadrados pois non habería que... que facer o trámite de licenza. Aí se podería aforrar eses cartos a xente. Entón hai certas cousas que chocan, que se din dende a oposición é que non se fixeron dende o goberno. Entón no meu primeiro turno teño esas dúas cuestións. Si vostede considera que está seguindo o cauce apropiado e un criterio técnico que diga que hai capacidade para facer esta modificación.

Sr. Alcalde (que traducido di): Si... si se solicita un segundo turno abrimos un segundo turno. Palabras... Bueno, pois abrimos un segundo turno, Gemino.

Sr. Varela Filgueiras: Bueno, bo día a todos e a todas. Bueno, nós dicir simplemente que imos a apoiar esta moción, máis que nada porque entendo que estamos nunha... nunha situación difícil, nunha situación que prevese que se vai a alongar no tempo e entón entendemos que nesta situación pois o que espera a veciñanza é actuacións concretas. E dentro desa actuación concreta pois podería estar o... como ben di a moción, o estudo e os informes de poder facer un tipo de rebaixa na cota do IBI. Máis que nada porque entendemos que tamén hai familias que debido a esta situación pois están a día de hoxe en risco de exclusión social e incluso hai algunha que terá, supoño, algunha execución hipotecaria. E entón a moción fala simplemente de ver ata onde se pode rebaixar o tipo de gravame do IBI e facer un estudo. E supoño que si a moción sae adiante o goberno pois fará este estudo e este informe e o levará á comisión que é onde teremos que debater todo isto.

Sr. Alcalde: Si, Miguel.

Sr. Mahía Prados: Ben, agora xa, dado que non pediu a poñente o segundo turno, entendo que a vai pechar... quero dar algúns datos, eu si que quero dar datos... o imposto... si me permiten vou a coller o borrador dos orzamentos, o borrador dos orzamentos que tempos presentados para este 2020, son os ingresos por parte de IBI rústica e urbana, deixando fóra o BICE de Reganosa e tal, só IBI rústica e urbana é 1.300.000 euros, aproximadamente, 1.302.000. Un millón, trescentos mil euros. Isto equivale ao 20% dos ingresos que ten o Concello de Mugardos, nin máis nin menos, estamos falando de modificar a ordenanza que ten un peso dun 20% dos ingresos, senón a quinta parte dos ingresos do orzamento municipal. Temos un Plan Económico Financieiro, penso que se non está en vigor pouco lle faltará, polas... que estea publicado definitivamente no Boletín da... da Provincia, faltaralle uns días, que na súa páxina 23, en materia de ingresos establece que... as recomendacións que fan os técnicos é, non se toquen os ingresos se queremos cumprir coa estabilidade. Temos unha marxe de 95.000 euros, que é o que está contemplado no propio PEF, que é co que podemos xogar. Eses 95.000 euros, como eu dixen cando foi o tratamento de aquí a... a debate do PEF, están aí reservados

pois para o que dispoña o Pleno. Pero as recomendacións que se están dando para cumprir coa estabilidade é non tocar ingresos. ¿Gústame?. Non, así de claro o digo, este goberno quere baixar os impostos. E quere baixar os impostos porque o pedimos estando na oposición e o vamos a facer estando no goberno, porque xa o fixemos estando no goberno, baixamos un 10% a contribución, estando no goberno, que se di pronto, un 10%. E... hai outra cousa que tamén hai que poñer de manifesto, a min hai cousas que me parecen totalmente insólitas como que é pedir na oposición o que non se fai cando un ten a potestade de facelo, que é cando está no goberno. Nós presentamos no ano 2017 unha batería de propostas, propostas como foron, subvención á contribución para familias monoparentais, para familias numerosas, para viudas, para maiores de 65 anos, para mozos menores de 35 anos en difi... sen emprego, para entidades culturais e deportivas, para entidades sociais que están aquí no Concello de Mugardos. Presentamos tamén unha proposta para a... a bonificación do imposto de actividades económicas no Concello de Mugardos, que é a que nomeei no turno anterior. Presentamos unha proposta de rebaixa dun 25% do rodaxe. Presentamos unha proposta de bonificación do Imposto de Construcións e Obras do Concello de Mugardos. Presentamos unha proposta de rebaixa de bonificacións do imposto do incremento de valor do imposto dos terreos de natureza urbana por falecemento, as coñecidas coma plusvalías. Nós presentamos unha batería de medidas. Esta batería de medidas que presentamos nós no ano 2017 seguen en vigor, de feito vostedes as teñen, polo que... porque as presentamos. Esa é a folla de ruta que vai a ter este goberno. E nós imos a baixar os impostos, cando o permitan os técnicos e a estabilidade do Concello. ¿Que se pensan?, ¿que a min faime gracia ver a situación da xente e saber que non se poden tomar tódalas decisións que nos gustaría?. Claro que fastidia, e moito, porque os políticos estamos aquí para mudar as cousas e para axudar á xente, non para causarlle problemas. E é moi duro tomar certas decisións, pero gobernar, e gobernar para todos, e gobernar conforme á lei é duro, non é fácil. O fácil é coller e gastar cartos a mansalva, deberlle cartos a todo dios, que nos chamen de servizos que non nos van a surtir porque din que tardaron un ano en cobrar do Concello. Entón claro, claro que é moi fácil gobernar a cheque en blanco e sen importar a estabilidade das contas. Pero logo veñen os problemas, que é que as empresas non queren dar servizos ao Concello. Entón, ¿é duro de tomar esta decisión?. Claro que é duro, moito. Moito, porque eu por desgraza son o que teño que asinar o pago dos vales de alimentos do COVID, son o que teño que asinar os vales de alimentos das familias... porque é unha competencia que teño e que vai dentro... e é duro ver á xente que o necesita e... en Mugardos, pois da administración pública. Pero cando os veciños nos poñen aquí é para tomar decisións, boas e non tan boas. E o que non se pode facer é, cando estamos intentando enderezar a situación do Concello coller e meterlle un viaxe ao 20% dos ingresos do Concello, e dicir, ala, veña... claro que hai que estudalo, por suposto que hai que estudalo, e as nosas propostas están aí, son coñecidas por todos. E ¿por que quero enfatizar todo isto?, porque nós estas propostas as presentamos no ano 2017, porque tamén era unha situación complicada, porque quero recordar que, o falamos moitas veces, a situación industrial desta comarca nunca foi boa, salvo cando tiñamos carga de traballo, e agora non a temos. Entón, somos unha comarca que depende do naval, e por iso a xente pois... temos ese tecido produtivo e estamos abocados mentres non se cambien as cousas. Tamén quero poñer de manifesto... perdón, de manifesto, dúas cousas que quero resaltar: primeiro, estanse seguindo criterios técnicos e obxectivos, non é unha decisión propia de dicir, este ano vamos a baixar o... non é que non queramos, e xa adianto que vamos a intentar minorar outros impostos, e en vindeiras datas ademais, se Dios quere na próxima

comisión de facenda xa teremos un dos impostos para negociar, para mirar de baixalo, pero non podemos asumir agora tocar o imposto que dá o 20% dos ingresos ao Concello, porque logo van a vir os problemas. Entón eu e... estamos de acordo en que hai que baixar impostos, de feito é o que defendimos toda a vida, principalmente no Concello de Mugardos, onde a carga fiscal a soporta practicamente toda Reganosa, que é 1.300.000 euros aproximadamente, case case tanto o que ingresamos por IBI rústico e urbano é o que paga Reganosa en BICE e en IAE. Entón, vamos a tomar medidas serias e sensatas, non coller e dicir, ala, vamos empezar a baixar a contribución, vamos a empezar a baixar a mansalva e deixar o Concello sen ingresos... home, un pouquiño de seriedade. Repito, non estamos en contra, pero agora mesmo, cun Plan Económico en vigor na que algunha das recomendacións que se fai é non tocar os ingresos, este ano o máximo que temos son os 95.000 euros de PEF, non temos máis, e aínda queda moito ano por diante, aínda que pareza que non, e pode pasar calquera cousa aínda que non o queira.

Sr. Alcalde (que traducido di): Si, bueno, antes de que peche a relatora da moción, eu creo que si entre todos o que queremos é minorar a carga que teñen os nosos veciños, si o que en realidade queremos é buscar solucións en momentos de dificultade, si o que en realidade queremos é buscar solucións que teñan un consenso amplo de tódolos grupos municipais, o normal é que todos intentemos poñer o noso granito de area, e obviamente eu creo que traer unha proposta directamente ao Pleno sen pasar pola comisión pertinente... comisións que non se enchen de propostas, que non se enchen de preguntas, que non se enchen de ningún tipo de cuestión... parece que é xogar ao titular, xogar ao titular de vir ao Pleno a solicitar cuestións que ademais os propios acordos, ou cando menos eu así o detecto, son contraditorios en si, porque en principio nos instan a que fagamos os informes pertinentes, suponse que para saber si é viable a proposta, pero vostedes xa dan por feito que é así, e por iso di que xa recollan o tipo de gravame e que sexa xa menor. Ou sexa... poñan vostedes que é menor o gravame pero logo fagan os informes pertinentes... oia, e si os informes pertinentes din que efectivamente, co PEF, porque xa o van a dicir, obviamente porque xa o dixo en canto a tódolos informes do Plan Económico Financeiro, que tocar os ingresos é poñer en risco a estabilidade orzamentaria deste Concello. Claro, é que o que non podemos facer é estudar as cousas e logo xa decidir que xa van a ser para restrinxir os impostos, é que iso é moi doado de facer ¿non?, e xa dan por suposto tamén que xa a proposta sexa elevada á sesión ordinaria para que se modifique xa este... o ano 21, para que sexa efectivo o ano 21. Ou sexa, que nada máis e nada menos, que como ben dixo o voceiro do Partido Popular, o que vostedes queren é chegar, baixar o IBI pois supoño que todo o que se poida, eu o lémbro moi ben, porque cada vez que gobernamos nós vostedes nos piden unha rebaixa do IBI, pero cada vez que gobernan vostedes non o rebaixan nunca. E lémbrolle que no 2015 vostedes pediron un 30% de rebaixa do IBI, un 30%, e xa se lle dixo no seu día que iso era cargarse a estabilidade orzamentaria, que vostedes, por certo, sempre que gobernan cárgana. Polo tanto, mire, nós non estamos aquí para cargarnos a estabilidade orzamentaria, todo o contrario, estamos aquí para parchear o fondo buraco que deixaron nas contas públicas. E polo tanto... nin o imos a facer nin o estamos a facer, e este ano 2020 terá estabilidade orzamentaria e o 21 as cousas irán moito mellor para todos, e será o momento ao mellor de abordar algunha desas reformas, o que non se pode é deixar a casa no solar e pretender facer chalets. Bueno, pecha en todo caso a relatora da moción.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Bueno, pois antes de que sexa sometida a votación e creo que por... creo que polo anuncio e as intervencións será rexeitada a moción, comezar por algunhas das afirmacións que fixo o Alcalde, “cada vez que vostedes gobernan non o baixan nunca”, bueno, eu creo que o Alcalde é consciente de que minte, imos, non me cabe a menor dúbida, porque esta... a modificación publicada o 28 de decembro do ano 2016 na que se incorpora por primeira vez a diferenciación dos tipos de uso, e se considera o uso industrial, que se lle marca un tipo de gravame diferenciado do 0,85 e do 0,6 se baixa ao 0,57 a contribución, os bens inmobles de natureza urbana, por certo, á que o PP votou en contra no Pleno. E hai outra modificación de decembro do 17 na que a esa diferenciación do uso industrial se lle marca o tipo de gravame máximo, que é 1,10, e se volven a baixar os bens inmobles de natureza urbana ao 0,54. Polo tanto eu creo que é cuestión de que minte o Alcalde como no conxunto da súa intervención, ao igual que a do voceiro do Partido Popular. Eu creo que é obvio que a diferenciación do tipo comercial, dado que pode chegar do 0,54 ao 1,10 poderá supoñer un incremento no padrón do IBI, incremento ademais que non sufriu minoración nos anos 19 nin nos anos 20, porque concretamente o padrón do ano 2019 é 1.330.019,46, e o padrón do ano 2020 é 1.355.090,17. Polo tanto é obvio que esa diferenciación de usos permite compaxinar que haxa un tipo de gravame menor para os cidadáns de Mugardos, sen que por iso o Concello poida perder capacidade de ingreso. O que formula a moción, é que, como é obvio, as modificacións de impostos teñen que vir precedidas dos informes, pero neste caso o que solicitaría o Pleno ao goberno municipal é que se faga un informe específico, non só das marxes nas que se poida mover o imposto, senón un informe específico para ver canto incrementaría a recadación a diferenciación do tipo de gravame para uso comercial e polo tanto en canto poderíamos minorar o que pagan os veciños pola súa contribución, e dado... e tal e como relatou o voceiro do Partido Popular, supoño que todas esas bonificacións que formularon no seu momento estando na oposición poderían formulalas para ter encaixe. Nós entendemos que é unha necesidade, que non pon en risco o que son os ingresos do Concello por IBI, e que polo tanto merece a pena, a situación económica das familias merece a pena facer ese estudo para ver si somos capaces, e ata que punto, de minorar o tipo de gravame para os veciños, empregando o que a lei nos permite, que é a diferenciación por usos para o gravame que teñen que recibir.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois esgotado o... o debate, sométese a votación o asunto. Votos a favor, en contra, abstencións. Quedaría un empate así. Teríamos que volver a sometelo a votación de novo. Votos a favor, en contra, abstencións. Bueno, pois en todo caso en caso de empate pois o voto de calidade do Alcalde decide, e imos a manter o noso voto en contra, repito, non porque queiramos... non queiramos baixar os impostos, que o faremos, senón porque é poñer en perigo, agora mesmo, a estabilidade deste Concello. Rexéitase polo tanto a moción.

3- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 707/2020, SOBRE MODIFICACIÓN DA HORA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 27.08.2020.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao seguinte punto. O seguinte punto é dar conta da Resolución da Alcaldía número 707/2020, sobre modificación da hora de celebración da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 27.08.2020.

O Pleno da Corporación dase por informado da resolución da alcaldía que de seguido se relaciona:

▪ **Resolución da alcaldía núm. 707/2020, de 17.08.2020**, sobre modificación da hora de celebración da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 27.08.2020.

4.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLO CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA, PERSOAL E PARTICIPACIÓN CIDADÁ DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS NÚMS. 638/2020 Á 712/2020, AMBAS INCLUSIVE.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, e... en todo caso e... pasamos ao seguinte punto, que son... estoume facendo un liño, dar conta das resolucións ditadas pola Alcaldía e polo Concelleiro Delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá dende o anterior Pleno Ordinario, resolucións números 638/2020 á 712/2020, ambas inclusive.

O Pleno da Corporación dáse por informado das Resolucións núms. 638/2020 á 712/2020, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía e polo Concelleiro Delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá, dende o anterior pleno ordinario.

Sr. Alcalde (que traducido di): E bueno, non sei si hai algunha moción de urxencia... ¿si?, pois haber.

DECLARACIÓN DE URXENCIA:

A.- MOCIÓN DA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE EU-SON EN COMÚN DE APOIO AO MANIFESTO DA CONFEDERACIÓN ANPAS GALEGAS SOBRE O INICIO DO CURSO ESCOLAR 2020-2021.

Sra. Díaz Otero: Bueno, traemos unha moción pola vía da urxencia, a xustificación da urxencia, que é o manifesto que se presenta publicamente, a pesar de estar asinado o 14 de agosto, preséntase publicamente o 19 de agosto; manifesto da Confederación Anpas Galegas sobre o inicio do curso escolar 20-21. É obvio que a esas alturas a Xunta de Voceiros xa estaba convocada. E tamén creo que ante este manifesto sobre o inicio do curso escolar, onde diferentes corporacións municipais se están xa pronunciando, e diferentes colectivos, pero sobre todo polas inxerencias das nais e pais galegas sobre o inicio do curso escolar seguro 20-21, que é obvio que xa non vai a haber un pleno, polo menos, ordinario antes de que comece o

curso, e por iso cremos que é urxente poder debater este manifesto ou se non apoia o manifesto ou rexeita o manifesto.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois unha vez expostos os motivos da urxencia pasamos a votar a urxencia da mesma. Votos a favor da urxencia... ¿si?. Bueno, logo o xustificas... ¿queres xustificar o voto antes?. Bueno, pois xustifica o voto.

Sr. Mahía Prados: Si. Para aclarar o noso voto do sentido da urxencia a propia... o propio escrito do manifesto ven datado do día 14 de agosto, tivemos unha comisión de voceiros o día 19, e a moción non se presentou ata onte. É dicir, once días despois da sinatura do... manifesto e bastante con posterioridade da Xuntanza de Voceiros. Polo tanto entendendo que o criterio de urxencia non se cumpriría, porque de ser urxentes se habería rexistrado, entendo eu, se non foi na data de sinatura do manifesto, como acaba de expoñer a voceira, se tería que ter presentado o mesmo día que tiveron constancia da publicación nos medios, é dicir, o propio 19, cousa que non se fixo. Polo tanto entendendo que a urxencia e a votación... bueno, non cumpriría, pois o sentido do voto sería en contra.

Sr. Alcalde (que traducido di): Pois unha vez xustifico pasamos a votar a urxencia. Votos a favor da urxencia, en contra, abstencións.

Logo de efectuar a exposición dos motivos que xustifican a votación da urxencia do asunto citado, o Pleno da Corporación, **ACORDA**:

Por 8 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG) e 5 votos en contra (5 PP) e, polo tanto, co quorum esixido no artigo 57.2 do Regulamento Orgánico Municipal, declarar de urxencia o asunto: “**MOCIÓN DA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE EU-SON EN COMÚN DE APOIO AO MANIFESTO DA CONFEDERACIÓN ANPAS GALEGAS SOBRE O INICIO DO CURSO ESCOLAR 2020-2021**” incluído na orde do día, e tratalo antes de rogos e preguntas, como punto núm. 5.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, bueno, pois se estima a urxencia en todo caso ao ter maioría absoluta.

5.- MOCIÓN DA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE EU-SON EN COMÚN DE APOIO AO MANIFESTO DA CONFEDERACIÓN ANPAS GALEGAS SOBRE O INICIO DO CURSO ESCOLAR 2020-2021.

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada pola voceira do grupo municipal de EU-SON EN COMÚN de apoio ao Manifesto da Confederación ANPAS Galegas sobre o inicio do curso escolar 2020-2021, e o Concello Pleno, por 8 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG) e 5 votos en contra (5 PP), acorda prestar aprobación á moción e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.- Apoiar o Manifesto da Confederación ANPAS Galegas sobre o inicio do curso escolar 2020-2021.

2.- Remitir o acordo á Confederación ANPAS Galegas e á Consellería de Educación.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois pasamos en todo caso a tratar o... a moción.

Sr. Mahía Prados: Pilar... ah...

Sra. Díaz Otero: A moción ten un único... bueno, ten dous puntos pero é un único punto en realidade, que é apoiar o Manifesto da Confederación ANPAS Galegas sobre o inicio do curso escolar 2020-2021. Son diferentes os colectivos, dende sindicatos ou movementos de renovación pedagóxica, que están plantexando o seu malestar ante o non protocolo da Consellería ante o inicio do curso, e sobre todo a súa inqueda para que se tomen tódalas medidas necesarias para que se poida dar unha volta presencial ao inicio de curso seguro. A Confederación de ANPAS Galegas está recollendo o apoio a este manifesto da Confederación de ANPAS Galegas e polo tanto o que solicitamos deste Pleno é que apoie o manifesto da Confederación de ANPAS Galegas sobre o inicio do curso escolar 20-21.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois abrimos un primeiro turno. ¿Palabras?. Só José Ángel. Pois José Ángel, tes a palabra.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Grazas. Bueno, nós imos a dicir... que bueno, que cremos que é urxente porque comeza o curso xa o día 10 ¿non?. Entón bueno, pois xa non vai a haber plenos de aquí ao día 10, por iso entendemos que é urxente. Tamén entendemos que meter a moción o día 25, estamos a día 26, pois dá pouca marxe para que saibamos de que vai o tema ¿non?, pouco máis que nos dá tempo é a lela. E... nós estamos en contacto coas ANPAS do pobo, nestes días... realmente a de... a do Colexio de Franxa pois non contactamos, pero si que falamos coas ANPAS do instituto e do colexio pois para ver como se vai a comezar o curso. E bueno, por exemplo a ANPA do Colexio de Catro Camiños ten unha xuntanza o día 3, polo tanto non sei si eles xa son coñecedores desta... desta circunstancia, se apoian este manifesto, pois non... non o sei, aínda non o sabemos. En canto á do instituto non tiñan aínda nada que dicir sobre este tema porque non... recibíranos pois en días anteriores, e tampouco tiñan... tiñan constancia ¿non?, polo tanto, bueno, creo que se están... nos estamos precipitando ¿non?, ultimamente nestas mocións que teñen que ver coa área de educación, creo que se está a frivolar un pouco por parte do Grupo de Esquerda Unida con este tema, máis que nada porque no mes de xuño presentaba tamén unha moción na cal un dos puntos principais que presenta esta... este manifesto, que é o tema de... de... de bueno, de dotar de equipos aos estudantes, equipos que neste caso a moción que nos presentou nese momento Esquerda Unida pedía que o Concello de Mugar dos asumise os custos deses equipos. Agora nesta moción pois

pide realmente este manifesto que sexa pois a Xunta, evidentemente, Educación, que é a que ten as competencias o que corra con eses... con eses gastos ¿non?, como é normal. Entón por iso digo que bueno, que se está precipitando un pouco nas mocións, que esta moción podía esperar un pouco a que as ANPAS tivesen xa pois un manifesto pechado, digamos, ou que apoiasen este manifesto, e que o que parece é que si que as ANPAS, noutros concellos da zona, si que se reuniron cos grupos políticos, e os grupos políticos pois efectivamente, a petición desas ANPAS, levan as mocións ao Pleno, que é o normal ¿non?, porque senón parece que o que estamos é asumindo nós aquí pois si as ANPAS deben ou non presentar esta... esta moción, ou queren o noso apoio, realmente, porque eu non o sei. A min, dende logo, como Grupo Socialista, as ANPAS aínda non contactaron en relación a esta... a esta moción. Entón bueno, niso... nese sentido non sei si pois o abanderado da educación e das ANPAS no Concello de Mugardos... pois é Grupo de Esquerda Unida... parece... parece que si. En todo caso nós entendemos... estamos de acordo con algúns dos puntos, e sobre todo cos fundamentais, que son que se amplíe o número de profesores, que se contraten máis profesores, que iso cremos que é fundamental, máis que nada por todo o presuposto que recibiu a Xunta do Goberno do Estado e que parece que non se está revertindo nos colexios ¿non?, á hora da contratación de profesores. E logo tamén, efectivamente, en que asuman todo o que é o custo dos materiais, tanto para a e... pois para as clases, en caso de que sexa necesario que se fagan clases online, pois con ordenadores, conexión a internet, etc, e igualmente pois de tódolos materiais que supoñen pois para a limpeza para... pois xeles, mascarillas, etc, que van a necesitar nos colexios, e iso entendemos que tamén debe de ser Educación, a Xunta de Galicia, quen corra cos gastos. Por ese motivo imos a aprobar... a apoiar esta moción, aínda que como dicía pois hai algúns puntos que non entendemos que sexan unha necesidade para a situación de COVID e outros puntos pois que cremos que debemos de estar informados polas ANPAS dos nosos colexios, en canto ao que é pois espazos ou por que tipo de... de clase se vai a optar, non o sabemos, si vai a ser o metro ou o metro e medio, se vai a ser por grupos de pertenza dos alumnos. Todo iso non o sabemos e cremos que sería bo que alguén nolo explicase, e pois sería a ANPA neste caso ou incluso pois o Consello Escolar o que debería de facilitarnos esa información. En todo caso, como digo, creo que a proposta, a moción, é un pouco precipitada, como todo o que fai Esquerda Unida ultimamente, e que deberían de... bueno, esperar un pouco ¿non?. En todo caso aprobarémola igualmente.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno e... pois se abre un segundo turno, se alguén solicita un segundo turno. Gemino, José Ángel. Gemino.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, nós dicir simplemente que vamos a votar a favor da moción, máis que nada porque entendemos que despois de ler o contido do manifesto, pois sobre todo a última páxina, onde ven resumido máis ou menos o que se pide, creo que tódalas peticións que fai este manifesto son dunha lóxica aplastante, non creo que haxa ningún dos puntos que poida ser discutido a día de hoxe por ninguén. Non sei si certamente, si... o di o PSOE, é o momento ou non, entendo que estamos a practicamente nada de que vaia a comezar o curso escolar, e entendo que na Comunidade Galega pois hai un protocolo que elaborou a Xunta de Galicia sin contar practicamente con ninguén. Iso non se fixo así, por exemplo, na Comunidade Valenciana, onde se falou con ANPAS, con sindicatos, con profesores e tal, entón

entendo que as peticións que fai as ANPAS Galegas son, como dixen antes, dunha lóxica aplastante e polo tanto pois vamos a apoiar a moción.

Sr. Alcalde (que traducido di): José Ángel. Non... renuncias ao turno. Vale. Bueno, pois e... en todo caso nada, simplemente antes de nada comentar que o goberno tivo e ten unha preocupación, como supoño que todo o resto de grupos políticos desta corporación, que o goberno estivo en contacto permanente con tódalas ANPAS deste Concello; que estivo perfectamente en contacto coas direccións dos centros, que estivo constantemente en contacto para garantir, máis aló do protocolo ou protocolos que poida ter moita xente, garantir aquelas medidas hixiénico sanitarias que na nosa man estea axudar aos nosos fillos e aos nosos escolares a que teñan máis seguridade nas aulas, polo tanto por iso se fixeron moitas cuestións, entre elas esa contribución desa limpeza e desinfección diaria dos centros, ese uso de mascarillas que tamén imos a aportar para aqueles nenos ou nenas que nalgún momento pois se despisten ou non as poidan levar a que teñan tamén esas cuestións, vaise a facilitar material tamén, como termómetros, tamén para que poida tomarse as medidas hixiénico sanitarias correspondentes, e vaise a favorecer, en todo caso, pois todas aquelas cuestións relativas ao comedor escolar que poidan dar maior seguridade. facendo dous turnos, e segregando os turnos para ter unha ratio menor de alumnado que estea exposto para garantir as medidas de seguridade que están en tódolos protocolos. E polo tanto estamos en contacto permanente para garantir, e poder, en todo caso, intentar que non só a seguridade dos nosos menores quede nas máns da Xunta, senón que tamén nós teñamos tamén un apoio para esas ANPAS, para esas familias, para eses menores, que coma en tódalas facetas da vida se enfrontan a unha faceta diferente na vida, que nunca aconteceu, que é enfrontarse a un novo curso escolar baixo unha pandemia mundial. En todo caso nós estamos en contacto permanente coas ANPAS, coas que estivemos falando día si e día tamén, para garantir medidas que eles consensuaron con nós, e polo tanto nós nese sentido estamos tranquilos porque fixemos un traballo intenso, estamos facendo un traballo intenso para que o inicio do curso sexa o mellor posible, dentro das circunstancias, que ninguén, non queda nunca, evidentemente, cun risco potencial, pero que intentamos axudar en toda medida dende o goberno municipal para que iso sexa posible. En todo caso e... bueno, iso é que tiñamos que comentar. En todo caso pois pecha a relatora da moción.

Sra. Díaz Otero: Bueno, pois para... para pechar, isto é un manifesto da Confederación de ANPAS Galegas sobre o inicio do curso 20-21, na que está... da que forman parte as ANPAS de Ferrolterra, e as ANPAS de Mugarodos forman parte da ANPA de Ferrolterra. E nós nos alegamos de que haxa unha comunicación fluída por parte dos dous grupos de goberno coas ANPAS, ao igual que temos nós e coas direccións dos centros. Cremos que iso é positivo para o Concello. É obvio que o inicio do curso non o marca Esquerda Unida, é o manifesto que se está a apoiar en diferentes, o dixen xa antes, en diferentes institucións, pero que non é o único manifesto nin unha consideración, dado que hai outros sectores implicados na comunidade educativa ante... bueno, o non protocolo, como dicía antes, presentado e aprobado única e exclusivamente pola Xunta de Galicia que levou aquel aos sindicatos a abandonar incluso esa Mesa, e que haxa xa neste momento algunha proposta de mobilización para o inicio do curso por algún sindicato de mestres. Este manifesto tamén, que é un manifesto para o conxunto de Galicia e non só para o Concello de Mugarodos, ten unha afectación para o Concello de Mugarodos, algunhas delas as nomeou o Alcalde, non só porque queira axudar senón porque é a

súa competencia, unha competencia delegada que ten en canto á limpeza do centro e o cumprimento do protocolo. En canto ao protocolo as medidas sanitarias que se vaian a poñer en marcha, porque vai a haber outra reunión o día 27 do... das distintas comunidades autónomas co goberno, non só para avaliar o tema dos ratios e a incorporación de novos mestres, senón tamén para outras medidas que tal e como aparecía no día de onte, pola propia... do propio Presidente do Goberno, as comunidades non ían... e tal e como referiu ademais o portavoz... tódalas comunidades autónomas que son as que teñen a competencia. Pero como dicía antes, nós temos competencia na limpeza dos centros, non así en secundaria, temos competencia sobre o comedor escolar, e tamén sobre as diferentes instalacións, incluíndo os parques que hai nos dous colexios de educación infantil e primaria, e tamén sobre as instalacións deportivas existentes que son municipais, pero que como todo o mundo sabe son usadas fundamentalmente pola comunidade escolar. Polo tanto, estamos convencidos de que a vindeira semana nas comisións informativas vai a vir toda a información que compete ao Concello sobre as medidas adoptadas que acaba de nomear o Alcalde e as que están por adoptar, supoño que tamén en función desa reunión do día 27 que vai a haber. E despois en canto a frivolidade, e non sei... precipitación, bueno, non sei si vostede ou o Partido Socialista, pero Abel Caballero si, creo que fixo en Vigo o que nos propuxemos aquí. Polo tanto aínda que está creo que alonxado, polo que dicía... seguro que el lle pode dicir como comprou para que a fenda dixital no... nas diferentes familias, fora... fora menor, porque ademais saiu na prensa. É verdade que vostede di que non sabe de que vai o tema, e así é como inicia o manifesto da Confederación de ANPAS Galegas, e ao final vai a votar a favor. Iso está ben, porque iso indica que quizais frivoliza, porque non sabendo de que vai o tema vai a votar a favor ou que quere un titular. En todo caso xa lle digo, fale con Abel Caballero, pídalle unha consulta e que lle indique como fixo o que nós propuxemos aquí nesa moción que vostede di que é frívola e precipitada.

Sr. Mahía Prados: Segundo o artigo 56 do... por favor, respecto... pido aos seus compañeiros...

Sr. Alcalde: Haber, por favor... por favor, silencio. Por favor.

Sr. Mahía Prados: Desculpe...

Sr. Alcalde: Genaro. Por favor.

Sr. Prieto Iglesias (que traducido di): Non pode intervir.

Sr. Alcalde (que traducido di): Pode intervir porque está pedindo unha alusión por orde do regulamento...

Sr. Mahía Prados: Segundo... segundo...

Sr. Alcalde (que traducido di): Haber, o regulamento interprétao o Alcalde, faga o favor. Haber, Genaro, por favor, non tes a palabra, fai o favor.

Sr. Prieto Iglesias (que traducido di): Pero que non pode intervir.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno... pois primeira chamada á orde, por favor. Non tes a palabra. A orde a impoño eu, está aludindo ao regulamento, e calquera membro desta corporación pode aludir ao regulamento en calquera momento da sesión...

Sr. Prieto Iglesias (que traducido di): Non pode intervir...

Sr. Alcalde (que traducido di): Segunda chamada á orde. O regulamento o interpreta o Alcalde. Faga o favor. Segunda. Si.

Sr. Mahía Prados: Segundo o artigo dezaseis, da explicación de voto, que di que proclamado o acordo, dado que este grupo municipal non interviu e non fixou a súa postura, pode solicitar, despois de proclamado o acordo de lectura da moción, un turno para solicitar a explicación do voto. Solicito explicar o voto do Partido Popular.

Sr. Alcalde (que traducido di): Ben, pois explica o voto.

Sr. Mahía Prados (que traducido di): Bueno, brevemente e sen entrar a valorar, xa o digo, sen entrar a valorar a propia... o contido da moción, sen entrar a valorar o contido do manifesto, hai dúas cousas que quero poñer en valor, e que previo ao que se vai a facer despois do Pleno hai que notificalo, obviamente. Segundo o artigo 123 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, de atribucións ao Pleno, correspóndelle ao Pleno as atribucións do control e fiscalización de órganos de goberno, votación dunha moción de censura, aprobación e modificación de regulamentos, aprobación e modificación de ordenanzas, acordos relativos á delimitación e alteración do municipio, acordos relativos á participación en organizacións supramunicipais, determinación dos recursos propios de carácter tributario, aprobación de presupostos, de plantilla de persoal, así como a autorización de gastos materiais da competencia do Pleno, aprobación inicial do Planeamento Xeral e a aprobación que poña fin á tramitación de plans e instrumentos de ordenación urbanística, transferencia de funcións e actividades a outras administracións, determinación das formas de xestión de servizos así como o acordo de creación de organismos autónomos, facultades de revisión de oficio dos seus propios actos e disposicións de carácter xeral, o exercicio de accións xudiciais, administrativas e defensa xurídica, establecer o réxime retribuído dos membros do Pleno, do Secretario, do Alcalde e membros da Xunta de Goberno Local, planteamento de conflitos de competencia con outras entidades, acordar... iniciativas previstas no inciso do 121.1 da presente lei e as competencias expresas que lles confiran as leis. En base ao artigo 123 o Grupo Popular... o Grupo do Partido Popular vai a votar en contra da moción, non en contra do manifesto, en contra da moción, porque a xuízo da lei a moción non cumpre co estipulado no artigo 123 da Lei de Bases de Réxime Local.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois aclarado o voto en todo caso pois e... pasamos a votar. Votos a favor da moción, en contra, abstencións... ninguén, bueno. Queda aprobada a moción en todo caso.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao seguinte asunto, que son rogos e preguntas. E... antes de iniciar a pregunta que ten formulada o voceiro do BNG se algún concelleiro quere facer algún rogo que pida a palabra agora. José Ángel... José Ángel e quen máis, ¿perdón?. Si, Gemino tamén, vale. Fai primeiro os rogos... facemos primeiro os rogos... non, comeza ti José Ángel. Si.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Vale... vale, grazas. Bueno, en... un pouco relacionado co tema da educación, un pouco, porque tamén isto afecta a máis, a máis aspectos ¿non?, da vida tamén, ao teletraballo, á conciliación familiar, etc. Entón bueno, nós o que pedíramos nun Pleno anterior si era posible saber, coñecer, cales son as redes, agora mesmo, de internet de alta velocidade no casco urbano, sabemos que hai uns plans para o rural ¿non?, que están... bueno, xa máis ou menos marcada un pouco a ruta que vai a levar nese caso, pero no casco urbano sabemos que hai puntos negros, que xa o poñíamos de manifesto nesa... nese... nese Pleno, e bueno, non obtivemos resposta. Sabemos de varias zonas nós, que nos comentaron os veciños que non teñen velocidade suficiente para pois realizar o seu traballo e agora no caso de que haxa outra vez que volver a... a dar a educación a distancia pois tamén van a ter problemas, como poden ser pois a zona da Xesteira, que está sen internet de alta velocidade, como pode ser unha parte, grande, da Rúa Os Corzás, que tamén ten, e algunha zona da rúa... da Travesía, perdón, de... da Travesía de Apelón. Entón bueno, pois nese sentido incidir un pouco no tema haber si conseguimos esa información por parte de “R” e de Telefónica, que nos poidan facilitar esa información, porque é moi importante para comezar o curso ter internet, sobre todo e si que pode ser dende o Concello un xeito de favorecelo, e non comprándolles ordenadores, como fai o Concello de Vigo, que por certo, é un concello de máis de 20.000 habitantes e ten, como ben sabe a Alcaldesa, unhas competencias diferentes ás dun concello de 5.000 habitantes.

Sr. Alcalde (que traducido di): Será a exalcaldesa. Bueno, en todo caso... Bueno, en todo caso Gemino formulas a pregunta e o rogo que queiras, ¿vale?.

Sr. Varela Filgueiras: Primeiro vou a realizar os rogos e... son dous. Un deles é si se podería proceder á limpeza da vivenda situada na Rúa Ferrol número 13, como mínimo o que se refire ao patio, porque está a invadir as casas colindantes, tanto a dun lado como a de outro. O segundo rogo é si se pode mirar de elevar o cable que hai aquí na Rúa Os Corzás, que atravesa a Rúa Os Corzás, que está de Abanca ao outro lado, porque eu creo que algún día o camión de Familia ha de engachar nel e hao de levar por diante. E bueno, pois despois fago a pregunta, e é que xa dende hai moito tempo tanto na Rúa Xesteira coma na Avenida de Galicia estanse a producir de maneira continua o paso de vehículos con exceso de velocidade, tanto motos coma coches. E o certo é que no fin de semana e no verán pois con moita máis incidencia, e isto representa un perigo e unha molestia para o resto dos veciños. Entón a pregunta é si o goberno ten pensado levar a cabo algunha actuación que permita diminuír ou acabar con estes excesos de velocidade nas devanditas rúas.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, en todo caso e para intentar responder a esta pregunta... imos ver, nós xa detectamos, e detectouse xa durante os últimos anos, que é verdade

que hai rúas por onde a velocidade é excesiva, e obviamente e... bueno, hai que intentar, na medida do posible, poñer os medios dispoñibles para reducir estas cuestións ¿non?. Non só pasa na Rúa da Xesteira, pasa en moitas outras, como a Rúa Cristo, como na Rúa Fieiteiras... como en moitas outras ¿non?. E polo tanto o que imos facer para non improvisar medidas, que é unha cousa que non nos gusta, tomar medidas separadas, o que imos facer é nas vindeiras semanas e... estamos implementando un Plan de Mobilidade onde imos a conter todo ese tipo de medidas, cambios de dirección en moitas das rúas que pola súa natureza pois é difícil compatibilizar ambas direccións, pola visibilidade que teñen as propias rúas, pola peonalización que poida haber nalgunha outra etc, etc. Nalgunha delas tamén se fará pois unha... loxicamente, algunha proposta para ir facendo un plan no que vaiamos contemplando de xeito progresivo a implementación de medidas como redutores de velocidade ou calquera outra medida que poida axudar, como a sinalización horizontal e vertical, que poida axudar a minimizar, loxicamente, a irresponsabilidade de quen incumpre as leis de tráfico. E polo tanto e... bueno, en todo caso pois nese Plan de Mobilidade que se levará á comisión de mobilidade pois aí podemos facer todos os que estamos presentes nesa comisión cantas aportacións se queiran para intentar buscar un plan global que integre pois todas... a todo o municipio a toda a totalidade das parroquias, e que na medida do posible pois teña a ambición de buscar solucións globais a problemas globais. Vale, pois moitas grazas pola pregunta. Levántase a sesión.

E sendo as nove horas e cincuenta e un minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario Accidental, dou fe.

Vº e praxe
O ALCALDE